- ACTIVIDADE Nº 5: "DIFUSIÓN DO SISTEMA E DESENVOLVEMENTO DA PÁXINA WEB DA FPGFT"
- ACTIVIDADE Nº 6: "CALIDADE e IGUALDADE".
- ACTIVIDADE Nº 7: "XESTIÓN DA FUNDACIÓN".

A continuación pásase a facer unha descrición de cada unha delas:



CONTAS ANUAIS 2019 (PEMESFL)

FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO

ACTIVIDADE Nº 1

Denominación: "XESTIÓN DAS SOLICITUDES DE AXUDAS DE PROGRAMAS DE FORMACIÓN DE OCUPADOS (FORMACIÓN DE OFERTA) → TR302A".

Data de realización:

xaneiro - decembro 2019.

Descrición da actividade:

No exercicio 2010 a entón Dirección Xeral de Emprego e Formación solicitou á Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo apoio técnico e xestión das solicitudes de axudas presentadas ao amparo da Convocatoria de subvencións para o financiamento de plans de formación dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas 2010/2011, en concreto xestionar a Fase de análise de solicitudes dá convocatoria 2010/2011.

Posteriormente, no exercicio 2011, o apoio técnico da Fundación abarcou novas fases da tramitación das convocatorias dos Plans de Formación: "Seguimento da execución, xustificación de custos e liquidación" da convocatoria 2010/2011 e "Análise de solicitudes" e "Seguimento da execución, xustificación de custos e liquidación" da convocatoria 2011/2012.

Desde 2012 esta actividade abarcou a totalidade da xestión das solicitudes de subvencións para o financiamento de plans de formación dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas, que poden dividirse en tres momentos ou fases que se relacionan de seguido:

- Fase 1: "análise de solicitudes".
- Fase 2: "seguimento da execución das Accións Formativas subvencionadas".
- Fase 3: "seguimento da xustificación de custos e liquidación das Accións Formativas subvencionadas".

Un dato a ter en conta na descrición das actividades anuais é que a Convocatoria dos Programas de Formación 2017/18 dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas foi publicada en agosto de 2017 e que en 2018 a fase 1 de solicitudes xa estaba resolta en 2017 e a fase 2 de execución en 2018. Respecto da Convocatoria dos Programas de Formación 2019/20 no exercicio 2019 tivo lugar a fase 1 de revisión das solicitudes.

PROGRAMAS DE FORMACIÓN CONVOCATORIA 2017/2018:

Convocatoria publicada no DOG 165, do 31 de agosto de 2017. Foron presentadas 213 solicitudes das que 124 foron concedidas a finais de 2017, as accións formativas concedidas de ditas solicitudes foron impartidas ao longo de 2018.

Débase sinalar que na xestión do **seguimento da execución das Accións Formativas subvencionadas** desta convocatoria do TR302A a Dirección Xeral fixo unha desagregación de tarefas propias da fase 2, quedando como segue:

- **Equipo técnico da Fundación:** principalmente a atención das dúbidas da entidade verificadora e das entidades dos 124 PF concedidos ase mesmo como atender a totalidade das solicitudes efectuadas a través da sede electrónica da Xunta ou pola aplicación informática SIFO3 (anticipos, modificación de datas, validar docentes tras a comprobación da documentación aportada, autorizar exencións do alumnado para participar en módulos formativos xa cursados, solicitudes de reconfiguración do PF para reduci-lo mantendo o mínimo de 5 AAFF requiridas en solicitude, incluso renuncias parciais ou totais, etc.) a maioría destas solicitudes requiren desempeñar tarefas tanto de análise da solicitude, revisión de documentación, cotexo coas indicacións da convocatoria e elaboración de informe técnico para a DX.
- **Entidade externa de verificación:** o seguimento de visitas en tempo real das accións formativas iniciadas e tamén parte das tarefas de seguimento da execución aproveitando as visitas aos curso, as tarefas derivadas a esta empresa realizadas polos técnicos da Fundación en anteriores convocatorias Comprobar que a



CONTAS ANUAIS 2019 (PEMESFL)

FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO

execución das Accións Formativas dos Programas de Formación 2017/2018 está finalizada correctamente para que a Fundación poda tramitar as solicitudes de diplomas.

Posteriormente, o 20/12/2018, en reunión de traballo o responsable da subdirección informa que o cometido técnico da Fundación ademais de desenvolver as tarefas expostas con anterioridade tamén deberá ser a de dispoñer dun dos técnicos para desenvolver as tarefas de **formación, atención de dúbidas e supervisión** do traballo desenvolvido da entidade externa contratada para a verificación da realización da actividade formativa, e informar puntualmente á DX das novidades e situación.

Antes do inicio destas actividades coa entidade externa o técnico da Fundación asignado pola subdirección, có visto e prace da xerencia da Fundación, participou activamente nas propostas presentadas pola entidade e na revisión do prego de condicións da contratación para facer as observacións sobre as "actividades aclaratorias" pendentes de desenvolver segundo contrato.

Unha vez especificadas as características do traballo que debería facer a entidade externa contratada pola Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral a técnico da Fundación iniciou a formación aos responsables técnicos da entidade e a atención das dúbidas presentadas co fin de evitar interpretacións incorrectas do encomendado e para axilizar e facilitar as tarefas pendentes de desenvolver, facilitando unha dinámica eficiente de traballo.

- **fase 2** para a comprobación, análise e rexistro dos datos obrigatorios de execución; a foi **formación** presencial iniciouse o día 2 de febreiro de 2019, explicando o método e características desta fase coa recollida da información que figuraba no **instrumento de traballo elaborado** pola técnico da Fundación a finais de decembro de 2018.

A actividade de **seguimento** telefónico e por correo electrónico da actividade desenvolvida pola entidade externa (*PF revisados e remitidos*) e a actividade de **atención das dúbidas** atendidas ao equipo da subdirección xeral de Promoción Laboral, incrementouse desde o día 01/03/2019 cando a Subdirección encargou **supervisión diaria** para controlar posibles desvíos referidos ás previsións dadas para o remate das tarefas desta fase. A actividade de seguimento e asesoramento da entidade contratada para esta fase 2 abarcou entre o día 26/02/2019 e o 11/04/2019.

Ao remate da entrega, por parte da entidade contratada, dos arquivos de control da fase 2 na que se rexistraban os datos revisados de cada un dos participantes das accións formativas executadas (requisitos académicos do alumnado e control de asistencias), o equipo técnico da Fundación puido tramitar as **solicitudes de diplomas** da formación impartida polas diferentes entidades beneficiarias.

- **fase 3** para a comprobación, análise e rexistro dos datos da documentación presentada en liquidación; solicitouse á técnico da Fundación, o 01/03/2019, a **elaboración dun instrumento de traballo**, que tivera unha utilidade similar ao entregado en decembro 2018 para a fase de execución das AAFF, neste caso sería **para a fase de liquidación**. A **formación** sobre o método e características desta fase á entidade foi iniciada o día 25 de marzo de 2019, sendo o prazo de finalización da actividade contratada a finais do mes de xuño de 2019.

Respecto da actividade desenvolvida nesta fase de liquidación, a entidade externa contratada encargouse da revisión da documentación achegada coa solicitude de liquidación económica e do seu control e rexistro atendendo ás indicacións da orde, para detectar posibles carencias para ser requiridas que foron plasmadas tanto en arquivo Excel (rexistro de datos) como en informe remitidos ambos á D.X. por Programa Formativo. A actividade de **seguimento e asesoramento** da entidade contratada para esta fase 3 abarcou entre o día 01/04/2019 e o 10/06/2019

Posteriormente, ata finais do mes de agosto, de 9 dos 42 PF desta convocatoria que presentaron solicitude de liquidación, na Fundación fixéronse as cartas de requirimentos para remitir ás entidades, baseadas nas anotacións feitas pola entidade externa tras a revisión efectuada da documentación de liquidación presentada en SIFO3 a outra parte das cartas de requirimentos (33 de 42) e a totalidade da revisión das respostas e propostas de resolución dos 42 PF que xa fora asumida polo persoal técnico da Subdirección Xeral de Promoción Laboral no mes de xullo.

- **Informes do prego de condicións**, a técnico da Fundación asignada pola Subdirección para a formación e asesoramento da entidade tamén cumpriu o encargo de establecer unha posible estrutura para cada **informe final por PF** tamén debía incluír os seguintes informes, referidos aos seguintes criterios: visitas,



CONTAS ANUAIS 2019 (PEMESFL)

FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO

revisión documental da execución, revisión documental da fase de liquidación, seguimento do alumnado, adecuación das AAF e avaliación técnica de cumprimento a ademais dos informes sobre a totalidade dos PF executados: "Informe de actividades de seguimento e control das AAF", "Seguimento do alumnado", "Adecuación das AAF" e "Avaliación técnica de cumprimento". A actividade de **seguimento e asesoramento** da entidade contratada referidos aos informes do prego de condicións abarcou o período temporal desde o día 01/04/2019 ata o 10/06/2019.

Por último indicar que nesta actividade de formación, asesoramento e seguimento a técnico da Fundación asistiu a cantas reunións de traballo foi convocada e elaborou e remitiu por e-mail un total de **41 informes** do seguimento efectuado ao equipo da subdirección entre o 26/02/2019 e o 10/06/2019.

PROGRAMAS DE FORMACIÓN CONVOCATORIA 2019/2020:

Unha das técnicos da Fundación en 2019 continuou participando ata o 26/02/2019 (actividade iniciada en 2018) revisando e aportando **propostas de mellora** nos borradores e **incluíndo os novos aspectos acordados pola D.X.** para aplicar na nova convocatoria, tales como a priorización da formación, os criterios de valoración técnica, etc.

A convocatoria finalmente publicouse no DOG 99, do 27 de maio de 2019, cunha financiación máxima de **5.000.000€**, o prazo para a presentación de solicitudes finalizou a finais de xuño e presentáronse **186 solicitudes**.

A finais de setembro de 2019 a DX encargou á Fundación que outra dos membros do equipo técnico desenvolvea a **totalidade das tarefas de revisión** das solicitudes recibidas ao abeiro desta convocatoria, o remate do traballo tivo lugar a finais de decembro de 2019. Tarefas desenvolvidas:

- **Referidas aos instrumentos de revisión.** O técnico da Fundación asignado elaborou:
 - Ficha de recollida de información: Documento necesario para proceder a unha revisión obxectiva e uniforme das solicitudes de Programas Formativos presentados, recollendo os requisitos que figuraban na convocatoria facendo especial fincapé nos apartados que poderían ser requiridos para a súa subsanación indicando as carencias detectadas para ser requiridas e para rexistrar a análise das respostas dadas polas entidades.
 - Informe de situación: Documento necesario para proceder a facer os informes de situación e final, solicitados pola Subdirección Xeral.
- **Referidas á revisión.** O técnico da Fundación asignado desenvolveu as seguintes tarefas:
 - Revisáronse todas as solicitudes presentadas e cumprimentou unha ficha para cada unha das solicitudes cos datos que figuraban na solicitude recibida, indicando as carencias detectadas, cara a un posible requirimento.
 - Tras o visto e prace das posibles dúbidas sobre o requirible, elaboráronse os requirimentos pola aplicación informática SIFO e foron remitidas á sinatura da subdirección para ser posteriormente notificadas polo persoal técnico da subdirección o na súa ausencia tamén procedeuse á súa notificación..
 - Asesorouse ás entidades sobre o procedemento para achegar as respostas á aplicación SIFO3.
 - Por último, revisáronse todas as respostas dadas polas entidades solicitantes, referidas aos requirimentos efectuados e completouse a ficha co resultado da análise das respostas.



CONTAS ANUAIS 2019 (PEMESFL)

FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO

- **Referidas á información solicitada pola Dirección Xeral.** A técnico da Fundación asignada mantivo actualizado o Informe de Situación das solicitudes revisadas e/ou xa requiridas e preparou todos os informes solicitados para atender as necesidades da Dirección Xeral.

Débase sinalar que a actividade da técnico da Fundación referida á fase 1 foi rematada a finais de 2019, pero, ao non dítarse resolución de concesión das subvencións nesa anualidade o equipo técnico da Fundación non realizou **seguimento da execución das Accións Formativas subvencionadas.**

Grao de cumprimento respecto ao Plan de Actuación 2019:

Debe destacarse que a xestión do equipo técnico da FPGFT está vinculada á formación, asesoramento e seguimento da empresa externa de verificación non soamente para a fase 3 (liquidación) da convocatoria de PF2017-18, senón tamén para a fase 2 (impartición con data límite de execución do 30 de novembro de 2018) xa que a empresa externa tivo que desenvolver actividades complementarias de seguimento pendentes, non desenvolvidas no exercicio 2018, o que supuxo que as actividades da Fundación vinculadas á formación, asesoramento e seguimento da entidade tiveron que prolongarse ata o verano de 2019.

Tamén debe destacarse o desenvolvemento total da fase 1 da convocatoria de PF2019-20, que implicou a revisión e análise da totalidade das solicitudes, efectuada pola técnico da Fundación asignada, quen tamén elaborou a totalidade de informes de Situación solicitados para atender as necesidades da Dirección Xeral, mentres que non puido iniciarse o desenvolvemento de actividades da fase 2 por non terse resoltas as solicitudes no exercicio 2019.

Por último, dentro da actividade habitual de xestión das convocatorias de ocupados tal e como estaba previsto no Plan 2019 tiveron un lugar prioritario a elaboración de Informes de seguimento da entidade externa contratada, Informes de situación dos PF, Estudos de e Propostas de mellora para a convocatoria 2019/20.

O grao de cumprimento dos obxectivos e indicadores de realización da actividade 1 previsto no Plan de Actuación 2019 figuraba un 25%, no computo total da actividade desenvolvida pola Fundación situase no 15% de actividade debido a un retraso na Resolución da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral no exercicio 2019.

Localización física: Edifícios Administrativos San Lázaro, s/n - Consellería de Economía, Emprego e Industria. 15781 Santiago de Compostela.

Recursos económicos empregados: Os propios das oficinas e a parte imputable da nómina do persoal, segundo o nº de horas empregadas no desenvolvemento desta actividade.

Recursos Humanos:

- **Persoal asalariado,** coordinado e supervisado pola directora xerente:
 - Persoal técnico da Fundación nas tarefas de apoio técnico e elaboración dos informes
 - Persoal da entidade externa contratada para tarefas de verificación da realización da actividade formativa..
- **Persoal voluntario:** ningún.

Número previsto de beneficiarios ou usuarios da actividade:

- **Beneficiarios Directos:**
 - ✓ A Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral
 - ✓ Os membros do Padroado da Fundación.



CONTAS ANUAIS 2019 (PEMESFL)

FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO

- ✓ As entidades solicitantes.
 - ✓ As empresas que colaboran na xestión da formación coas entidades solicitantes.
- Beneficiarios Indirectos: Os traballadores/as (empregados ou en situación de desemprego) e as empresas do tecido laboral de Galicia.

ACTIVIDADE Nº 2

Denominación: "XESTIÓN DAS ORDES DE PROGRAMAS DE INCENTIVOS Á FORMACIÓN DE PERSOAS TRABALLADORAS OCUPADAS EN SECTORES ESTRATÉXICOS PARA AS EMPRESAS GALEGAS COFINANCIADOS POLO FSE Nº TR310A".

Data de realización:

xaneiro - decembro 2019.

Descrición da actividade:

As seguintes actividades teñen o seu fundamento na encomenda de funcións que foi aprobada previamente na sesión ordinaria nº 3 do Padroado da FPGFT do 22/12/2008, plasmada na Orde do 27/01/2009 da Consellería de Traballo pola que se lle encomenda á FPGFT o apoio técnico e a xestión das solicitudes de axudas presentadas ao amparo das convocatorias da Dirección Xeral de Emprego e Formación para a concesión de axudas ás iniciativas de formación profesional para o emprego, que se vaian executar no ámbito desta Comunidade Galega, como nos propios Estatutos da FPGFT.

En decembro de 2017 a Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral solicitou á Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo apoio técnico e xestión de solicitudes de axudas presentadas ao amparo de diferentes Convocatorias de subvencións para o financiamento das Ordes de Formación para o Emprego e de concesión das Bolsas e Axudas. Orde de Formación para o Emprego: procedemento **TR310-A** (dirixidos a persoas traballadoras de empresas de sectores estratéxicos) en 2018 foron publicadas 3 convocatorias do procedemento **TR310-A**.

O apoio técnico e xestión de solicitudes das diferentes Convocatorias actividade diferenciada en cada un dos tres momentos ou fases que se relacionan de seguido:

- Fase 1: "análise de solicitudes".
- Fase 2: "seguimento da execución das Accións Formativas subvencionadas".
- Fase 3: "seguimento da xustificación de custos e liquidación das Accións Formativas subvencionadas".

Un dato a ter en conta na descrición das actividades anuais é que as Convocatorias dos Programas de Formación son bianuais, non coincidentes cós anos naturais, polo que nun mesmo exercicio pódense levar a cabo as mesmas fases de distintas convocatorias, e incluso podería suceder que falte algunha fase por executar xa que moitas destas convocatorias teñen prazo de execución para o exercicio 2019.

PROCEDEMENTO TR310-A:

PROGRAMAS DE FORMACIÓN DAS CONVOCATORIAS TR310A-2018/2019:

Tal e como indicouse na introdución desta actividade en 2018 foron publicadas 3 convocatorias do procedemento **TR310-A**:



- **ORDE** do 07/12/2018 (**DOG 246 do 27/12/2018**) terceira convocatoria

Pero no exercicio 2019, tamén foron publicadas 2 ordes que afectaban á terceira convocatoria: ampliáronse os prazos de presentación da terceira convocatoria e o prazo de impartición das accións formativas desta convocatoria, tal e como figura de seguido:

- **ORDE** do 18/01/2019 (**DOG 17 do 24/01/2019**) *amplía o prazo de presentación de solicitudes da terceira convocatoria (ata o 11/02/2019).*
- **ORDE** do 16/07/2019 (**DOG 139 do 23/07/2019**) *amplía o prazo de finalización das accións formativas recollidas na Orde de 31/12/2017 (exclusivamente para AAFF da 3ª convocatoria ata o 31/10/2019)*

Fase 1/3: ANÁLISE DE SOLICITUDES

Esta fase afectou en exclusiva á terceira convocatoria do TR310A-2018 publicada no DOG 246, do 27 de decembro de 2018, cunha financiación máxima de **1.500.000€** (para 2019 en exclusividade) e que tivo un prazo para a presentación de solicitudes que finalizou o 11/02/2019, presentándose un total de **107** solicitudes de subvención.

O equipo técnico da Fundación anteriormente xa participou na atención de consultas de entidades potencialmente interesadas en participar como solicitantes, e a Fundación, seguindo as indicacións da DX, tamén encargou ao equipo técnico que desenvolvera a totalidade das tarefas de revisión das solicitudes recibidas ao abeiro desta convocatoria. O remate do traballo do equipo técnico tivo lugar en prazo (prazo de tres meses contemplado para o desenvolvemento desta fase), data de Resolución da Dirección Xeral: **06/06/2019**. Tarefas desenvolvidas:

- **Referidas aos instrumentos de revisión.** O equipo técnico da Fundación **elaborou:**
 - **Ficha de recollida de información:** Documento necesario para proceder a unha revisión obxectiva e uniforme das solicitudes de Programas Formativos presentados, recollendo os requisitos que figuraban na 3ª convocatoria facendo especial fincapé nos apartados que poderían ser requiridos para a súa emenda indicando as carencias detectadas para ser requiridas e para rexistrar a análise das respostas dadas polas entidades.
 - **Informe de situación:** Documento necesario para proceder a facer os informes de situación e final, solicitados pola Subdirección Xeral.
- **Referidas á revisión.** O equipo técnico da Fundación desenvolveu as seguintes tarefas:
 - Revisáronse todas as solicitudes presentadas e cumprimentou unha ficha para cada unha das solicitudes cos datos que figuraban na solicitude recibida, indicando as carencias detectadas, cara a un posible requirimento.
 - Tras o visto e prace das posibles dúbidas sobre o requirible, elaboráronse os requirimentos pola aplicación informática SIFO e foron remitidas á sinatura da subdirección para ser posteriormente notificadas polo persoal técnico da subdirección o na súa ausencia tamén procedeuse á súa notificación..
 - Aseorouse ás entidades sobre o procedemento para achegar as respostas á aplicación SIFO3.
 - Por último, revisáronse todas as respostas dadas polas entidades solicitantes, referidas aos requirimentos efectuados e completouse a ficha co resultado da análise das respostas.



CONTAS ANUAIS 2019 (PEMESFL)

FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO

- **Referidas á información solicitada pola Dirección Xeral.** O equipo técnico da Fundación asignado mantivo actualizado o Informe de Situación das solicitudes revisadas e/ou xa requiridas e preparou en prazo a totalidade de informes solicitados pola Subdirección de Promoción Laboral para atender as necesidades da Dirección Xeral.

Fase 2/3: EXECUCIÓN DAS ACCIÓNS FORMATIVAS SUBVENCIONADAS

Esta fase de actividade afectou ás tres convocatorias do TR310A-2018:

- 1ª convocatoria (Orde do 31/12/2017) **57** Programas Formativos con Resolución positiva, con **251** Acciões Formativas concedidas.
- 2ª convocatoria (Orde do 26/06/2018) **24** Programas Formativos con Resolución positiva, con **34** Acciões Formativas concedidas.
- 3ª convocatoria (Orde do 07/12/2018) **74** Programas Formativos con Resolución positiva, con **142** Acciões Formativas concedidas.

Na Fundación, seguindo as indicacións da DX, encargouse ao equipo técnico que desenvolvera tamén as tarefas xa encargadas en 2018 para as dúas primeiras convocatorias do TR310A2018 que estaban en execución ao remate de 2018 (o prazo de impartición tiña como data límite o 31/07/2019) e para a terceira convocatoria aínda non iniciada en 2018 (cuxo prazo límite de impartición foi o día 31/10/2019), encargándose por tanto, do seguimento da execución da totalidade das accións de formación dos Programas subvencionados. Tarefas desenvolvidas:

- **Referidas á solicitude de anticipos:** tramitar coa Dirección Xeral as solicitudes efectuadas polas entidades beneficiarias a través da aplicación informática SIFO, revisando a corrección da documentación obrigatoria e verificando, de ser o caso, a presentación do aval pola cantidade do 110% da contía adiantada e comprobando que a cantidade solicitada en concepto de adianto a conta da xustificación de custos en liquidación non exceda o orzamento aprobado para a impartición de docencia nese exercicio económico. Respecto da documentación da solicitude de anticipo para remitir á Intervención Delegada, o técnico do Programa afectado tivo que elaborar e asinar un informe coa análise efectuado segundo cumpría requisitos para ser atendida a solicitude.
- **Referidas á modificación de datas das accións formativas na aplicación SIFO3,** requisito necesario para que a entidade poda iniciar a execución da acción formativa concedida, procedeuse á modificación sempre que dita modificación non afectara ao exercicio asignado ao orzamento da acción formativa que figuraba na Resolución, neste último caso precisaba a autorización da Dirección Xeral (o que significa a elaboración doutro informe técnico para a Dirección Xeral).
- **Referida á documentación obrigatoria:** Comprobase que estaba achegada en SIFO3 a documentación obrigatoria, segundo convocatoria, para cada un dos cursos subvencionados.
- **Referidas aos alumnos con módulos exentos:** Autorizouse a exención do módulo de igualdade ou outros, de ser o caso, para o alumnado do que se achegou documentación acreditativa en SIFO3, tras comprobar a idoneidade da documentación segundo o texto da convocatoria.
- **Referidas á validación de docentes na aplicación SIFO3,** requisito necesario para que a entidade poda comunicar e iniciar a execución da acción formativa concedida:
 - Implicou facer a revisión da documentación e, de ser o caso, validación das persoas docentes por modalidade presencial asignados á parte específica de cada unha das accións formativas dos Programas subvencionados, comprobando, de ser o caso, o cumprimento da obriga de substituír o persoal docente previsto en solicitude por persoas formadoras de igual ou superior experiencia á cal se incluíu na solicitude obxecto de puntuación.



CONTAS ANUAIS 2019 (PEMESFL)

FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO

- Implicou facer a revisión da documentación e, de ser o caso, validación das persoas docentes por modalidade presencial asignados ao módulo de igualdade, de cada unha das accións formativas dos Programas subvencionados, comprobouse a idoneidade da documentación acreditativa segundo o texto da convocatoria, comprobando, de ser o caso, o cumprimento da obriga de substituír o persoal docente previsto en solicitude por persoas formadoras de igual ou superior experiencia á cal se incluíu na solicitude obxecto de puntuación.
- Tras revisión de documentación achegada á aplicación dos docentes que imparten por modalidade de teleformación (a programación da aplicación non permite validar a documentación acreditativa de poder impartir por esta modalidade), de ser o caso, autorizouse aos técnicos da aplicación SIFO para que a “confirmaran” de forma delegada e tras esa confirmación os técnicos da Fundación puideron validar ditos docentes de teleformación na aplicación tras verificar o cumprimento da obriga de substituír o persoal docente previsto en solicitude por persoas formadoras de igual ou superior experiencia á cal se incluíu na solicitude obxecto de puntuación.
- **Referidas ás autorizacións da Dirección Xeral sobre solicitudes das entidades:** Elaboráronse informes para a subdirección referidos ás diferentes solicitudes das entidades beneficiarias remitidas por sede electrónica da Xunta. Nos informes figuraban as consideracións técnicas tras a análise da documentación presentada pola entidade e tras ser cotexada cos diferentes artigos da Orde para que servira de soporte técnico para a asunción de decisión, o tipo de solicitudes máis habituais foron: modificacións de datas que afecten a orzamentos de diferentes exercicios económicos asignados, reconfiguracións do programa, aprazamentos de execución, ampliación de límites económicos, etc.
- **Referidas ao asesoramento ás entidades beneficiarias:** Atendéronse nos distintos momentos do proceso de impartición das distintas accións formativas todas as dúbidas da distinta casuística deste período

Respecto da fase 3/3 sobre o “seguimento da xustificación de custos e liquidación das Accións Formativas subvencionadas” na Dirección Xeral tómase a decisión de que esta tarefa será contratada cunha empresa externa, nun primeiro momento a Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, contratou externamente o servizo para o control da execución e xustificación das ACCIÓNS FORMATIVAS dos Programas Formativos dirixidos a persoas traballadoras ocupadas en sectores estratéxicos para as empresas galegas, cofinanciadas polo programa operativo FSE GALICIA 2014-2020 (Procedemento TR310A), sendo contratados aqueles con solicitude de liquidación presentada na aplicación SIFO3.

Tras reunión do 15/05/2019 na Subdirección, en xuño de 2019 encárgase a unha dos membros do equipo técnico da Fundación a participación, atendendo todas as dúbidas ou informes requiridos pola Subdirección vinculado tanto á preparación dos documentos para o prego de condicións do contratado como á especificación de tarefas mínimas que deben figurar no texto do prego de condicións.

Tarefas desenvolvidas: a redacción das tarefas comúns a todo tipo de procedemento e especificando “e todas outras que fosen necesarias segundo as indicacións que figuren na convocatoria do procedemento” e a creación dun instrumento de traballo de recollida de datos para o control do revisado para facilitar a dita empresa externa para o que se tivo que facer una revisión completa da documentación de impartición, como da de liquidación e xustificación de custos que figuraba para un dos PF que xa tiñan presentada a solicitude de liquidación que contemplaran posibles sancións ou minoracións para os incumprimentos ou carencias detectadas segundo o indicado nas bases reguladoras do TR310A2018.

O instrumento elaborado tras a proba piloto, que tivo un alcance de revisión total da documentación aportada en SIFO3 para a fase 2 e 3, foi entregado no mes de xuño nunha sesión formativa á empresa externa contratada, sesión formativa impartida na sede da Fundación pola técnico encargada do desenvolvemento da proba piloto e creación do instrumento de control da actividade de inspección desenvolvida. Mantendo posteriormente ao longo do tempo o asesoramento e participación coa subdirección na casuística encontrada, xunto co seguimento da actividade desenvolvida por dita empresa e informando puntualmente á subdirección deste seguimento.



CONTAS ANUAIS 2019 (PEMESFL)

FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO

PROGRAMAS DE FORMACIÓN 1ª CONVOCATORIA TR310A-2019/2020:

A primeira convocatoria do TR310A-2019 finalmente publicouse no DOG 185, do 30 de setembro de 2019, cunha financiación máxima de 5.000.000€, (1.000.000€ para 2019 e 4.000.000€ para 2020) o prazo para a presentación de solicitudes finalizou a finais de outubro e presentáronse **42 solicitudes**.

Unha dos técnicos da Fundación participou ata o remate do prazo para a presentación de solicitudes revisando e aportando propostas de mellora nos borradores das plantillas de SIFO3 e na atención de consultas de entidades interesadas en participar como solicitantes e elaborou a ficha de recollida de información baseada nos requisitos da convocatoria.

Fase 1/3: "ANÁLISE DE SOLICITUDES"

Posteriormente, o 31 de outubro de 2019 a DX encargou á Fundación que o mesmo membro do equipo técnico que desenvolveu as tarefas anteriormente mencionadas desenvolvera a totalidade das tarefas de revisión das solicitudes recibidas ao abeiro desta convocatoria, o remate do traballo tivo lugar a metade de decembro de 2019. Tarefas desenvolvidas:

- **Referidas aos instrumentos de revisión.** O técnico da Fundación asignado elaborou:
 - Ficha de recollida de información: Documento necesario para proceder a unha revisión obxectiva e uniforme das solicitudes de Programas Formativos presentados, recollendo os requisitos que figuraban na convocatoria facendo especial fincapé nos apartados que poderían ser requiridos para a súa emenda indicando as carencias detectadas para ser requiridas e para rexistrar a análise das respostas dadas polas entidades.
 - Informe de situación: Documento necesario para proceder a facer os informes de situación e final, solicitados pola Subdirección Xeral,
- **Referidas á revisión.** O técnico da Fundación asignado desenvolveu as seguintes tarefas:
 - Revisáronse todas as solicitudes presentadas e cumprimentou unha ficha para cada unha das solicitudes cos datos que figuraban na solicitude recibida, indicando as carencias detectadas, cara a un posible requirimento.
 - Tras o visto e prace das posibles dúbidas sobre o requirible, elaboráronse os requirimentos pola aplicación informática SIFO e foron remitidas á sinatura da subdirección para ser posteriormente notificadas polo persoal técnico da subdirección o na súa ausencia tamén procedeuse á súa notificación..
 - Asesorouse ás entidades sobre o procedemento para achegar as respostas á aplicación SIFO3.
 - Por último, revisáronse todas as respostas dadas polas entidades solicitantes, referidas aos requirimentos efectuados e completouse a ficha co resultado da análise das respostas.
- **Referidas á información solicitada pola Dirección Xeral.** O técnico da Fundación asignado mantivo actualizado o Informe de Situación das solicitudes revisadas e/ou xa requiridas e preparou todos os informes solicitados para atender as necesidades da Dirección Xeral.

Débase sinalar que a actividade do técnico da Fundación referida á fase 1 foi rematada con máis dun mes de anticipo sobre o prazo límite, co fin de que a Resolución tivera lugar no exercicio de 2019, como así foi, data de Resolución: **23/12/2019**.

Fase 2: "seguimento da execución das Accións Formativas subvencionadas".

Os Programas de incentivos á formación de persoas traballadoras ocupadas en sectores estratéxicos para as empresas galegas, **teñen carácter bianual**, o prazo de execución das AAF segundo a súa tipoloxía podería estar en execución no exercicio 2019 (acción de liña 1 poderían ter iniciado o 01/08/19 e as de liña 2 desde o 30/09/19, pero a aplicación SIFO3 non se pode habilitar para a fase de execución ata o remate da fase 1 que finaliza coa Resolución das



CONTAS ANUAIS 2019 (PEMESFL)

FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO

solicitudes presentadas, polo que a actividade desta fase 2 para esta primeira convocatoria do TR310A-2019 non tivo lugar para os **16** Programas Formativos con Resolución positiva, con **442** Accións Formativas concedidas.

Grao de cumprimento respecto ao Plan de Actuación 2019:

Centrándonos na xestión da FPGFT de ditas convocatorias abertas en 2019, cumpre sinalar o seguinte:

- Respecto á previsión da xestión dos procedementos TR310-A considerábase no Plan de Actuación 2019 que das 3 convocatorias de 2018:
 - as convocatorias 1ª e 2ª foron resoltas en 2018 e se desenvolveron na súa totalidade as actividades da fase 1 de revisión das solicitudes, quedando pendente de remate as actividades da fase 2 xa que o prazo de execución finalizaba en 2019, estando pendente de desenvolver a 3ª fase de xustificación económica
 - a 3ª convocatoria como o prazo de solicitudes non se resolveu en 2018 estaba previsto das actividades das fases 1 revisión das solicitudes e 2 **seguimento da execución das Accións Formativas subvencionadas**.
 - Respecto da fase 3 para as 3 convocatorias a Dirección Xeral decide encomendar esta actividade a unha entidade externa, redistribuíndo novas tarefas para a Fundación (a proba piloto dun dos PF resoltos favorablemente, crear instrumentos de recollida de información, impartir xornada formativa, asesoramento e información da empresa contratada e colaborar no que solicitou a subdirección para a elaboración do prego de condicións) circunscibindo a actividade nesta fase 3 a un dos 5 técnicos do equipo da Fundación, tal e como se expuxo anteriormente.

Estímase que tanto polo volume de PF concedidos na 3ª convocatoria do TR310A2018 que alcanzou o 48% do total de Programas concedidos nas 3 convocatorias (convocatoria non publicada na data de elaboración do Plan de Actuación) como pola publicación da 1ª convocatoria do TR310A2019 que tampouco figuraba no Plan de Actuación e como la encomenda de formar, asesorar e informar sobre traballo diferido a unha empresa externa, non se fixo unha previsión realista do tempo que levaría atendela por non ter todos os indicadores referidos previamente.

Por todo o antedito, considerase que, en conxunto, o grao de cumprimento da actividade nº 2 superou a estimación do **20% previsto**, que figuraba no Plan de Actuación 2019, alcanzando o **35% da actividade desenvolvida** da Fundación no exercicio 2019.

Localización física: Edificios Administrativos San Lázaro, s/n - Consellería de Economía, Emprego e Industria. 15781 Santiago de Compostela.

Recursos económicos empregados: Os propios das oficinas e a parte imputable da nómina do persoal, segundo o nº de horas empregadas no desenvolvemento desta actividade.

Recursos Humanos:

- Persoal asalariado, coordinado e supervisado pola directora xerente:

Traballo de xestión, análise, control, seguimento, atención, redacción e elaboración das propostas de requirimentos e demais comunicacións e dos informes de cada un dos programas subvencionados foi desenvolvido exclusivamente polo persoal técnico da Fundación.

- Persoal voluntario: ningún.

Número previsto de beneficiarios ou usuarios da actividade:

- Beneficiarios Directos:



CONTAS ANUAIS 2019 (PEMESFL)

FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO

- ✓ A Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral
 - ✓ As entidades solicitantes.
 - ✓ As empresas que colaboran na xestión da formación coas entidades solicitantes.
- Beneficiarios Indirectos: Os traballadores/as empregados e as empresas do tecido laboral de Galicia.

ACTIVIDADE Nº 3:

Denominación: "XESTIÓN DAS ORDES DE FORMACIÓN CON CONTRATACIÓN DE PERSOAS DESEMPREGADAS" **TR301P + TR301Y**

Descrición da actividade:

As seguintes actividades teñen o seu fundamento na encomenda de funcións que foi aprobada previamente na sesión ordinaria nº 3 do Padroado da FPGFT do 22/12/2008, plasmada na Orde do 27/01/2009 da Consellería de Traballo pola que se lle encomenda á FPGFT o apoio técnico e a xestión das solicitudes de axudas presentadas ao amparo das convocatorias da Dirección Xeral de Emprego e Formación para a concesión de axudas ás iniciativas de formación profesional para o emprego, que se vaian executar no ámbito desta Comunidade Galega, como nos propios Estatutos da FPGFT.

En decembro de 2017 a Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral solicitou á Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo apoio técnico e xestión de solicitudes de axudas presentadas ao amparo de diferentes Convocatorias de subvencións para o financiamento das Ordes de Formación para o Emprego.

- Ordes de Formación para o Emprego: procedemento **TR301-P** (dirixidos a persoas traballadoras desempregadas con compromisos de contratación) en 2018 foron publicadas 3 convocatorias do procedemento **TR301-P**.

Posteriormente o día 22/08/2018, a Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral solicitou á Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo apoio técnico e xestión das solicitudes de axudas presentadas ao amparo da Orde do 07/08/2017 pola que se aprobaron as bases reguladoras do Bono emprego automoción para a formación con contratación de persoas desempregadas no sector da automoción en Galicia e se procedía á súa convocatoria para o ano 2018.

- Orde do 07/08/2018:
 - procedemento **TR301-Y** (Bono emprego automoción para a formación con contratación) en 2018 foi publicada 1 convocatoria do procedemento **TR301-Y**.

O apoio técnico e xestión de solicitudes das diferentes Convocatorias dos anteditos 4 procedementos teñen como resultado, para 7 das 8 Convocatorias, unha actividade diferenciada en cada un dos tres momentos ou fases que se relacionan de seguido:

- Fase 1: "análise de solicitudes".
- Fase 2: "seguimento da execución das Accións Formativas subvencionadas".
- Fase 3: "seguimento da xustificación de custos e liquidación das Accións Formativas subvencionadas".

Un dato a ter en conta na descrición das actividades anuais é que as Convocatorias dos Programas de Formación son bianuais, non coincidentes cós anos naturais, polo que nun mesmo exercicio pódense levar a cabo as mesmas fases de distintas convocatorias, e incluso podería suceder que falte algunha fase por executar xa que moitas destas convocatorias teñen prazo de execución para o exercicio 2019.



CONTAS ANUAIS 2019 (PEMESFL)

FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO

PROCEDEMENTO TR301-P:

A actividade do procedemento **TR301P** para o exercicio 2019 afectou, a 3 convocatorias distintas dirixidas a persoas traballadoras desempregadas con compromisos de contratación:

- Orde do 31/12/2017 pola que se aprobou a primeira convocatoria das subvencións para o financiamento das accións formativas con compromiso de contratación en unidades formativas das empresas e dos incentivos á contratación, con prazo de execución 28/02/2019 e cunha Subvención total en convocatoria de **750.000€**, ampliándose o crédito coa Orde do 07/06/2018 en **1.623.861,50€**, dando un resultado de **2.373.861,50€**. Nesta convocatoria aprobáronse **30 Programas Formativos**
- Orde do 26/06/2018 pola que se aprobou a segunda convocatoria das subvencións para o financiamento das accións formativas con compromiso de contratación en unidades formativas das empresas e dos incentivos á contratación, con prazo de execución 30/09/2019 cunha Subvención total en convocatoria de **1.800.000€** e prazo de execución. Nesta convocatoria aprobáronse **23 Programas Formativos**
- Orde do 07/12/2018 pola que se aprobou a terceira convocatoria das subvencións para o financiamento das accións formativas con compromiso de contratación en unidades formativas das empresas e dos incentivos á contratación, cunha Subvención total en convocatoria de **1.500.000€** para o 2019, ampliándose o prazo de presentación de solicitudes ao 11/02/2019 na Orde do 18/01/2019 e ampliando o prazo de finalización ao 31/01/2020 na Orde do 30/10/2019. Nesta convocatoria aprobáronse **31 Programas Formativos**

As funcións encomendadas á Fundación, para as distintas convocatorias referidas anteriormente, desenvolvéronse sempre baixo as directrices do Servizo de Planificación da Promoción Laboral e do Servizo de Xestión Administrativa de Orientación e Promoción Laboral, da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.

Fase 2/3: EXECUCIÓN DAS ACCIÓNS FORMATIVAS SUBVENCIONADAS

Na fase de execución das Accións Formativas é o período no que as entidades poden solicitar anticipos a conta e seguindo a encomenda efectuada en 2018 pola Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral á Fundación, a técnico da Fundación asignada no exercicio 2019 xestionáronse un total de anticipos para 34 programas formativos solicitados pola aplicación SIFO3 (algúns dos cales tiveron primeiro e segundo anticipo), desagregadas por convocatoria como sigue:

- 1ª convocatoria xestionáronse 3 anticipos cos seus correspondentes reaxustes.
- 2ª convocatoria xestionáronse 11 anticipos cos seus correspondentes reaxustes.
- 3ª convocatoria xestionáronse 20 anticipos.

A tramitación dos anticipos solicitados tivo unha dobre casuística, explicada de seguido:

Tramitación de anticipos de PF que non teñen modificacións nas datas previstas de execución respecto do solicitado:

- Comprobase tanto a Resolución inicial como a cantidade que se solicitaba en concepto de anticipo para o exercicio 2018 xa que non pode ser superior ao importe da formación que ían desenvolver no exercicio 2018.
- Comprobase que a documentación obrigatoria a presentar coa solicitude de anticipo estea completa.
- Redactouse informe técnico coas comprobacións anteriores para presentar xunto coa documentación presentada por SIFO3 para axilizar a continuación do procedemento de tramitación na Dirección Xeral.



CONTAS ANUAIS 2019 (PEMESFL)

FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO

Tramitación de anticipos de PF que teñen modificacións nas datas previstas de execución respecto do solicitado: Ás tarefas especificadas no punto anterior se suma a xestión de informar a entidade da obrigatoriedade de facer a solicitude de reaxuste de anualidades referida á modificación na data de execución que afecta a orzamentos diferentes, entre 2018 e 2019, unha vez recibida esta solicitude se fai constar tanto na documentación a aportar á Dirección Xeral como se indica no informe técnico redactado pola Fundación.

Nesta fase de execución tamén se desenvolveron tarefas de xestión referidas ás solicitudes de cambios orzamentarios, entre outras, solicitudes realizadas polas entidades beneficiarias e recibidas a través da sede electrónica da Xunta, e posteriormente derivadas á Fundación.

As solicitudes referidas á modificación na data de execución concedida en resolución para un orzamento diferente, entre 2018 e 2019 o que obriga ao estudo da solicitude e da súa convocatoria para poder elaborar o informe técnico sobre a solicitude presentada con xustificación referida á normativa remitíndose ao Servizo da Dirección Xeral para tomar decisións sobre a idoneidade do solicitado co fin de aceptar u denegar ditas solicitudes.

Fase 2 EXECUCIÓN DAS AAFF SUBVENCIONADAS e Fase 3: XUSTIFICACIÓN DE CUSTOS E LIQUIDACIÓN

Unha vez finalizada a fase de execución das accións formativas con compromiso de contratación, as entidades iniciaron a fase de xustificación de custos e liquidación a través da aplicación informática da Xunta de Galicia, SIFO3.

Con data do 01/08/2019 a Dirección Xeral encomendou á Fundación que asignara 3 dos 5 membros do equipo técnico para colaborar co Servizo de Xestión Administrativa no desenvolvemento das tarefas para a análise e revisión da documentación obrigatoria para atender as solicitudes de liquidación presentadas, seguindo a orde de entrada polo rexistro do SIFO3, iniciando polas liquidacións presentadas. Asignándose á Fundación o seguinte volume de traballo:

- Programas Formativos: 9 do total dos 22, correspondéndose co 41% dos PF.
- Orzamento: 1.081.815,30€ do total de 1.715.134,80€ correspondéndose co 63% do orzamento.
- Accións Formativas: 57 do total das 74, correspondéndose co 77% das AAFF.
- Alumnado: 836 do total dos 1.012, correspondéndose co 83% dos participantes.

Baixo as directrices do Servizo de Xestión Administrativa de Orientación e Promoción Laboral, da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral o persoal correspondente do equipo técnico da Fundación iniciaron o desenvolvemento do traballo encomendado.

Revisouse e fíxose a análise de toda a documentación aportada polas entidades beneficiarias na aplicación SIFO3, esta revisión afectou tanto á revisión das asistencias dos participantes, como a verificación dos contratos efectuados aos participantes, como á propia documentación de alumnos para constatar que cumprían os requisitos indicados por convocatoria e o desenvolvendo das tarefas da xustificación de custos e liquidación, referida tanto aos impresos normalizados de liquidación das accións formativas con compromiso de contratación e a todos os xustificantes de gastos elixibles que constaban no expediente (facturas, nóminas, xustificantes bancarios, TC2, contratos, presupostos, etc.)

Puxéronse en coñecemento do Servizo de Xestión Administrativa da Promoción Laboral, as carencias ou insuficiencias de documentación detectadas dos Programas de Formación revisados coa intención de facer os requirimentos oportunos ás entidades beneficiarias para corrixir posibles erros tanto na documentación propia da fase de impartición como da documentación de xustificación económica presentada.

Redactáronse as cartas de requirimentos tras o visto e prace do informe técnico elaborado polo técnico asignado do Servizo para que foran notificadas as entidades beneficiarias correspondentes



CONTAS ANUAIS 2019 (PEMESFL)

FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO

Tras a revisión da documentación remitida como resposta a requirimento nesta fase de liquidación, o persoal técnico continuará a desenvolver as tarefas correspondentes para finalizar o proceso que desembocará na

Quedando pendente para 2020 tanto a revisión das respostas a requirimentos efectuadas en 2019 como a Resolución final dos expedientes cuxa revisión estaba practicamente rematada

O resultado do traballo encomendado en agosto de 2019 é o seguinte:

- Programas Formativos revisados: 8 dos PF.
- Orzamento: 998.367€
- Accións Formativas: 56 AAFF.
- Alumnado: 821 participantes.

PROCEDEMENTO TR301-Y:

A convocatoria de Bono emprega automoción consiste nunha subvención ás empresas para a formación vinculada á contratación por conta allea de persoas en situación de desemprego que leven a cabo accións formativas para mellorar os coñecementos e habilidades no posto de traballo. A subvención deste programa é de aplicación ás contratacións de persoas desempregadas, vinculadas á formación, que se formalizaron desde o 1 de xaneiro de 2018 ata o 30 de setembro do ano 2018.

A Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral a finais de agosto de 2018 solicitou á Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo apoio técnico e xestión das solicitudes de axudas presentadas ao amparo da Orde do 07/08/2018 pola que se aprobaron as bases reguladoras do Bono emprega automoción para a formación con contratación de persoas desempregadas no sector da automoción en Galicia e se procedía á súa convocatoria para o ano 2018, cunha Subvención TOTAL en convocatoria de **3.000.000€**.

En 2018 a actividade da técnica da Fundación asignada centrouse nas tarefas propias da análise de solicitudes (fase1) que foi a encargada nese exercicio, e para 2019 centrouse na impartición e liquidación, funcións desenvolvidas sempre baixo as directrices do Servizo de Xestión Administrativa de Orientación e Promoción Laboral, da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.

Fase: "SEGUIMIENTO DA EXECUCIÓN E DA XUSTIFICACIÓN DE CUSTOS DAS AAFF SUBVENCIONADAS"

Para a xestión desta convocatoria a parte de impartición e a de xustificación de custos forman un único conxunto, xa que coa Resolución de aprobación as entidades recibiron a solicitude para remitir ata finais de decembro de 2018 a documentación da execución e dos custos finais, esta fase prevista para revisar en 2019. Esta fase de actividade afectou á revisión de 2 Programas Formativos con Resolución positiva para 32 accións formativas concedidas cuxo fin foi o de para formar e contratar a 620 participantes.

Iniciouse o traballo encomendado coa verificación do correcto desenvolvemento das accións formativas por modalidade presencial en horario laboral establecida no contrato, comprobando o cumprimento dos requisitos esixidos nesta orde e demais normas vixentes que resultaran de aplicación, tales como o mantemento de emprego da persoa traballadora pola cal se solicitou a axuda, para detectar posibles incidencias que poderían dar lugar a unha emenda ou perda parcial ou total da subvención concedida en Resolución.

Respecto ao pagamento da subvención concedida nesta convocatoria quedaba condicionado á correcta presentación da documentación xustificativa que foi revisada pola técnico da Fundación. Dentro desta documentación figuraba tanto a referida á fase de execución da formación subvencionada como a xustificación de custos.

Tarefas desenvolvidas máis relevantes:



CONTAS ANUAIS 2019 (PEMESFL)

FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO

- **Referidas ao Plan Formativo, este plan formativo** das accións formativas subvencionadas e desenvolvidas no anterior exercicio económico 2018 foi revisado seguindo as pautas establecidas.
- **Referidas á verificación de asistencias dos 620 participantes**, requisito necesario para que a entidade puidera acreditar a execución das accións formativas concedidas. Revisouse e analizouse a asistencia dos traballadores para comprobar que cumpría os requisitos indicados por convocatoria e que estaban asinados pola persoa titora e pola persoa traballadora por cada sesión diaria de formación.
- **Referidas aos 620 traballadores en situación de desemprego formados a través das 32 accións formativas**, verificouse a corrección das declaracións asignadas por cada unha das persoas participantes, requisito necesario segundo convocatoria.
- **Referida á contratación dos 620 participantes**: Comprobáronse todos os contratos de traballo efectuados á totalidade dos 620 participantes, documentación obrigatoria para o cumprimento do obxectivo desta convocatoria.
- **Referidas aos informes de aproveitamento das 32 accións formativas**, verificouse a corrección dos informes de aproveitamento asinado pola persoa titora e pola persoa traballadora e verificouse que nos informes se detallaban tanto os contidos do plan formativo na empresa, coa descrición do programa de actividades e servizos que a empresa puxese á disposición do formando para familiarizarse coa empresa, como os seus coñecementos e habilidades melloradas detallando as tarefas desenvolvidas pola persoa titora e/ou docente xunto coa estimación horaria por cada unha.
- **Referidas á xustificación dos custos subvencionados**, tras comprobar a antedita documentación referida á execución das accións formativas, fíxose a revisión e análise de toda a documentación aportada pola entidade beneficiaria por sede electrónica. Revisión de todos os xustificantes de gastos elixibles que constaban no expediente (facturas, nóminas, xustificantes bancarios, TC2, contratos, presupostos, etc.) verificándose a corrección do pago c, requisito necesario segundo a orde de acordo.
- **Referidas ao control da xestión desenvolvida**: Informouse ao Servizo de Xestión Administrativa da Promoción Laboral puntualmente da situación das revisións e da documentación susceptible de requirir para corrixir os déficits detectados na revisión inicial. En caso de requirimentos: redactáronse as cartas de requirimentos. Posteriormente revisáronse e analizáronse as respostas emitidas e informouse da situación final de cada unha das solicitudes presentadas.
- **Referidas aos modelos de Resolución**: A petición da DX tamén se elaboraron diferentes documentos para a Resolución da convocatoria:
 - Proposta - Resolución de recoñecemento da obriga.
 - Proposta de Resolución.
 - Resolución para asinar a Secretaría Xeral de Emprego.
- **Referidas aos informes finais previos á Resolución**: A petición da DX tamén se elaboraron diferentes informes previos á Resolución da convocatoria: 10 informes referidos á xestión das 24 accións formativas concedidas á entidade PSA CITROËN para 612 participantes por un importe de liquidación de 702.140,75€ e 6 informes referidos á xestión das 8 accións formativas concedidas á entidade TI GROUP AUTOMOTIVE para 8 participantes por un importe de liquidación de 7.913,87€ (último informe rematado en decembro de 2019).

Cun importe final admitido en liquidación de **710.054,62€** pola formación e contratación de **620 traballadores** en situación de desemprego, contratados polas 2 empresas da automoción beneficiarias, a técnica da Fundación rematou a súa actividade en prazo, tanto a comprobación da documentación propia da impartición e contratación, como a análise das solicitudes de liquidación presentadas e a redacción dos informes para a Dirección Xeral para que puideran resolver no prazo establecido por convocatoria. Tarefas resoltas en prazo por parte da técnica da Fundación asignada para a xestión desta convocatoria.



CONTAS ANUAIS 2019 (PEMESFL)

FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO

Grao de cumprimento respecto ao Plan de Actuación 2019:

Centrándonos na xestión da FPGFT de ditas convocatorias abertas en 2019, cumpre sinalar o seguinte:

- Respecto á previsión da xestión do procedemento TR301-P respecto do Plan de Actuación a revisión das solicitudes da 3ª convocatoria non foi encomendada á Fundación, respecto da 2ª fase a Fundación seguiu encargándose da revisión e verificación dos datos necesarios para a xestión dos anticipos e sumouse a función da elaboración dos perceptivos informes técnicos referidos ás solicitudes das entidades remitidas desde a DX. Tendo encargada unha parte moi substancial da 2ª e 3ª fase referida ás solicitudes de liquidacións, o volume de traballo encomendado e un pouco inferior á previsión efectuada no Plan de Actuación 2019 da Fundación.
- Por último é destacable considerar que entre as previsións do Plan de Actuación 2019 figuraba que unha vez finalizada a fase de execución das accións formativas dos Programas subvencionados (data límite de execución 15 de decembro de 2018), deberíase xestionar a fase de xustificación tanto da execución como da xustificación de custos e liquidación. Traballo desenvolvido ao 100% tal e como estaba previsto.

Por todo o antedito, considerase que, en conxunto, o grao de cumprimento da actividade nº 3 sitúase no **13% da actividade da Fundación no exercicio 2019** cando no Plan de Actuación 2019 figuraba unha estimación do **18%**.

Localización física: Edifícios Administrativos San Lázaro, s/n - Consellería de Economía, Emprego e Industria. 15781 Santiago de Compostela.

Recursos económicos empregados: Os propios das oficinas e a parte imputable da nómina do persoal, segundo o nº de horas empregadas no desenvolvemento desta actividade.

Recursos Humanos:

- Persoal asalariado, coordinado pola directora xerente:

Xestión, análise, control, seguimento, atención, redacción e elaboración das propostas de requirimentos e demais comunicacións e dos informes de cada un dos programas subvencionados foi desenvolvido polo persoal técnico da Fundación.

- Persoal voluntario: ningún.

Número previsto de beneficiarios ou usuarios da actividade:

- Beneficiarios Directos:

- ✓ A Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral
- ✓ As entidades solicitantes.
- ✓ As empresas que colaboran na xestión da formación coas entidades solicitantes.

- Beneficiarios Indirectos: Os traballadores/as (empregados ou en situación de desemprego) e as empresas do tecido laboral de Galicia.

ACTIVIDADE Nº 4:

Denominación: "XESTIÓN DAS ORDES DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO E DE CONCESIÓN DAS BOLSAS → TR301V".



CONTAS ANUAIS 2019 (PEMESFL)

FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO

Data de realización:

xaneiro - decembro 2019.

Descrición da actividade:

No exercicio 2018 a Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral solicitou á Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo apoio técnico e xestión das solicitudes de bolsas e axudas presentadas nas convocatorias do procedemento TR302A ao amparo das Convocatorias do procedemento TR301-V.

O obxecto desta orde é regular o réxime da concesión directa de subvencións por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria en concepto de bolsas e axudas para as persoas traballadoras desempregadas que participen en accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas, así como nas accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras ocupadas, no marco da formación de oferta da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.

Un dato a ter en conta na descrición das actividades anuais é que a Convocatoria dos Programas de Formación 2017 dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas foi publicada en agosto de 2017 e que a fase 2 de impartición desenvolveuse en 2018, quedando pendentes de tramitar bolsas e axudas dos últimos cursos desenvolvidos mentres que a Convocatoria dos Programas de Formación TR302A-2019 aínda que foi publicada en 2019 non foi Resolta, polo que non se impartiron accións formativas desta convocatoria en 2019.

No exercicio 2019, o apoio técnico do equipo administrativo da Fundación abarcou tamén a xestión de parte das solicitudes de bolsas e axudas presentadas nas convocatorias do procedemento TR301-P.

A xestión do persoal administrativo da Fundación centrase nas tarefas encomendadas na tramitación que inclúe tanto a verificación dos requisitos esixidos ás persoas traballadoras desempregadas que participaron nas accións formativas para cada tipo de bolsa ou axuda como a comprobación da asistencia do alumnado na correspondente acción formativa para ter dereito a percibir a bolsa ou axuda. As actividades de xestión de bolsas das anteditas convocatorias desenvolvéronse sempre baixo as directrices do Servizo de Planificación da Promoción Laboral e do Servizo de Xestión Administrativa de Orientación e Promoción Laboral, da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, e sendo recibidas dende as Xefaturas Territoriais.

PROCEDEMENTO TR301-V:

Convocatorias de bolsas e axudas dirixidas a persoas traballadoras desempregadas que participan en accións formativas de formación profesional para o emprego (Formación de Ocupados TR302-A, convocatoria da Orde do 22/08/2017 con prazo de execución da formación do 30/11/2018).

Este procedemento **TR301-V** afecta á convocatoria da Orde do 31/05/2018 , Orde ampliada coa Orde do 14/06/2019 (ampliación de créditos e prazos de presentación de solicitudes) e coa Orde do 23/09/2019 (ampliación do prazo de presentación de solicitudes).

A actividade do equipo administrativo da Fundación afectou á seguinte convocatoria de bolsas e axudas: Orde do 31/05/2018.

Recórdase que este procedemento afecta a diferentes convocatorias (AFD, Ocupados, Compromiso de Contratación) e o orzamento da subvención foi ampliado tal e como figura de seguido:

- Presuposto inicial que figura na convocatoria do 31/05/2018: **4.186.624€** (2.091.812€ para 2018 e 2.091.812€ para 2019).
- Presuposto da Orde do 14/06/2019: Ampliación de créditos, 1ª ampliación: **2.758.000€**; 2ª ampliación: **4.855.000€**; 3ª ampliación **1.500.000€**



CONTAS ANUAIS 2019 (PEMESFL)

FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO

O nº de solicitudes asignadas á Fundación en 2018 do procedemento 301-V foi de **300 solicitudes para o TR302A-2017**, as tarefas asignadas ao equipo administrativo da Fundación estaban en execución a finais do 2018 sendo a súa maioría xestionada en 2019 implicando a revisión da documentación e a elaboración dos cálculos de pagos, actividade xestionada ao 100%.

Ás solicitudes anteriores, sumáronse outras **373 solicitudes para o TR301P**, xa que, por parte da DX, encargouse en 2019 ao equipo administrativo da Fundación a revisión da documentación e a elaboración dos cálculos de pagos, das seguintes solicitudes desagregadas por xefaturas territoriais, sendo xestionadas as 373 solicitudes do TR301P tamén ao 100%:

- revisión de solicitudes da xefatura territorial de Pontevedra de 141 solicitudes de axudas referidas ao procedemento TR301-P.
- revisión de solicitudes da xefatura territorial de A Coruña de 81 solicitudes de axudas referidas ao procedemento TR301-P.
- revisión de solicitudes da xefatura territorial de Ourense de 151 solicitudes de axudas referidas ao procedemento TR301-P.

Pódese facer a seguinte **estimación**: o presuposto da subvención do TR301-V (13.299.624€) respecto da Orde do TR302A e das Ordes do TR301-P xestionada na Fundación alcanzou o **8%** do orzamento das Ordes do TR301-V.

Por último, destacar que a xestión das **675 solicitudes** asignadas ao equipo administrativo da Fundación, foi desenvolvida **en tempo e forma**.

Grao de cumprimento respecto ao Plan de Actuación 2019:

Centrándonos na xestión da FPGFT de ditas convocatorias abertas en 2019, cumpre sinalar o seguinte:

- Respecto ás previsións que figuran no Plan de Actuación 2019 respecto ás Ordes de Ocupados do procedemento TR302-A afectou á convocatoria de 2017/2018, xa que a convocatoria 2019/2020 non foi resolta no exercicio 2019.
- Respecto ás previsións que figuran no Plan de Actuación 2019 respecto á Orde do procedemento TR301-P afectou ás diferentes convocatorias e a colaboración prevista foi superior á previsión que foi aprobada a finais de 2018.
- Do anterior se desprende que o grao de cumprimento da actividade nº 4 cumpriu a estimación que figuraba no Plan de Actuación 2019, estimación do **12,5%**.

Localización física: Edificios Administrativos San Lázaro, s/n - Consellería de Economía, Emprego e Industria, 15781 Santiago de Compostela.

Recursos económicos empregados: Os propios das oficinas e a parte imputable da nómina do persoal, segundo o nº de horas empregadas no desenvolvemento desta actividade.

Recursos Humanos:

- **Persoal asalariado**, coordinado pola directora xerente:

O traballo encomendado á Fundación na xestión das referidas ás bolsas e axudas foi desenvolvido polo persoal administrativo, recibido dende as Xefaturas Territoriais e xestionado coa colaboración do Servizo de Xestión Administrativa.



CONTAS ANUAIS 2019 (PEMESFL)

FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO

- Persoal voluntario: ningún.

Número previsto de beneficiarios ou usuarios da actividade:

- Beneficiarios Directos:
 - ✓ A Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.
 - ✓ As entidades solicitantes.
- Beneficiarios Indirectos: Os traballadores/as (empregados ou en situación de desemprego) e as empresas do tecido laboral de Galicia.



CONTAS ANUAIS 2019 (PEMESFL)

FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO

ACTIVIDADE Nº 5:

Denominación: "DIFUSIÓN DO SISTEMA E DESENVOLVEMENTO DA PÁXINA WEB DA FPGFT"

Descrición da actividade:

No exercicio 2019 esta actividade nº 5 pode diferenciarse en dúas responsabilidades diferenciadas, a primeira como a de prestar un servizo de asesoramento externo e de colaboración coa Subdirección Xeral de Promoción Laboral, e segunda coa responsabilidade de difundir o sistema de formación profesional para o emprego que precisa do desenvolvemento e permanente actualización da páxina web, localización dos proxectos máis significativos e de alcance desenvolvidos pola Fundación.

ASESORAMENTO EXTERNO E DE COLABORACIÓN COA SUBDIRECCIÓN

ASESORAMENTO externo:

O Asesoramento facilitado encádrase nas diferentes Iniciativas de Formación para o Emprego tanto a **Formación de Oferta** (procedemento **TR302-A**) aínda que non foi resolta a convocatoria 2019, si foi publicada e presentadas as solicitudes, o que supuxo unha grande cantidade de consultas así mesmo como as recibidas ao abeiro das 3 convocatorias 2018 e a convocatoria de 2019 do procedemento **TR310** xestionado desde a Fundación.

Ademais en este exercicio 2019 respecto ao asesoramento de entidades beneficiarias doutras Ordes de Formación para o Emprego (procedementos: **TR301-P** e **TR301-Y**) e de concesión das Bolsas e Axudas a traballadores en situación de desemprego (procedemento **TR301-V**), mantívose na porcentaxe esperada

As actuacións de asesoramento centráronse en dúas áreas principais de actuación:

- **Atención de consultas** (entidades solicitantes e/ ou beneficiarias e usuarios en xeral)

Das consultas atendidas a entidades solicitantes e/ ou beneficiarias e usuarios en xeral a temática principalmente pódese agrupar en 5 apartados específicos que sumaron o 100% das consultas atendidas entre chamadas telefónicas e/ou correos electrónicos (faise unha estimación de máis de 5.000 consultas atendidas):

- ✓ Resolución de dúbidas e ou información sobre a formación en empresas de sectores estratéxicos, 40% do total no ano 2018.
- ✓ Resolución de dúbidas e ou información sobre a formación de oferta, alcanzaron o 20% do total no ano 2018.
- ✓ Resolución de dúbidas e ou información sobre a formación con compromiso de contratación e de formación de desempregados na automoción, 15% do total no ano 2018.
- ✓ Resolución de dúbidas e ou información sobre bolsas e axudas, 10% do total no ano 2018.
- ✓ Resolución de dúbidas e ou información sobre outros temas (formación de demanda, cualificacións profesionais, entre outras), 10% do total no ano 2018.

- **Atención as entidades contratadas pola Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral** (entidades solicitantes e/ ou beneficiarias)

As consultas de entidades externas contratadas pola Dirección Xeral foron atendidas polos técnicos da Fundación, versaron fundamentalmente sobre incidencias técnicas de diferente natureza, pero sempre vinculadas a distinto tipo de xestión dos Programas Formativos:

- ✓ **Entidade IDEARA:**

Atendéronse dúbidas (por escrito, telefónica e /ou presenciais) sobre interpretación da convocatoria de oferta e da convocatoria de sectores estratéxicos



CONTAS ANUAIS 2019 (PEMESFL)

FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO

Tamén déuselle aos técnicos da entidade **formación** do método de traballo da Fundación para facilitar o entendemento dos diferentes arquivos elaborados e entregados en xornadas de formación desenvolvidas tanto nas instalacións da Dirección Xeral como da propia Fundación para que puideran desenvolver as tarefas que tiñan pendentes de verificar da fase execución do TR302A (perfil do alumnado, partes de asistencias, informes dos controis de teleformación, etc.) como para o seguimento e revisión documental da fase de impartición e execución dos PF de sectores estratéxicos encomendados.

No exercicio 2019 realizáronse diferentes actividades (informes, propostas, estudos e demais documentación solicitada) para a Dirección Xeral, referidas a continuación:

- **Informes, Estudos e Propostas de Mellora** (tanto de procedementos como de instrumentos ou ferramentas de xestión):

Un dato a destacar é que co aumento de convocatorias de diferentes procedementos asignados á Fundación no terceiro trimestre do exercicio 2019 xa se tiñan superado o nº de informes técnicos elaborados polos técnicos de La Fundación, previstos no Plan de Actuación 2019 para todo o exercicio. Relátanse de seguido algúns dos máis significativos:

- **INFORMES.** Presentáronse a longo do 2019 múltiples informes referidos ás distintas fases de xestión das diferentes convocatorias dos procedementos TR302-A, TR310-A, TR301P, TR301-V e TR301-Y, especialmente numerosos son os informes das fases de revisión de solicitudes e de carencias para requirir que afectaron a todas as convocatorias tramitadas ou en execución en 2019.
- **ESTUDOS / INFORMES.** Presentáronse a longo do 2019 numerosos estudos e informes referidos na súa maioría á situación e a problemática dos PF de Ocupados e de sectores estratéxicos.
- **PROPOSTAS DE MELLORA,** elaboráronse numerosas propostas de mellora e flexibilización para os novos textos tanto da orde PF 2019/2020 do procedemento TR302-A (ocupados). xunto con diversas versións dos borradores do texto da convocatoria de 2019, con anotacións a pe de páxina, nos artigos que afectan á casuística que desembocou na falta de execución de parte dos PF concedidos en dita convocatoria.
- **INFORMES DE PAGAMENTOS.** Redactáronse, a petición da xefatura do servizo de Xestión Administrativa da Promoción Laboral, diferentes informes ao longo do exercicio coa relación de pagamentos tramitados á Intervención Delegada correspondentes a cada un dos PF de cada unha das convocatorias dos procedementos encargados ao equipo técnico da Fundación.
- **INSTRUMENTO DE RECOLLIDA DE INFORMACIÓN.** A Dirección Xeral solicita ao membro do equipo técnico da Fundación asignado a elaboración dun instrumento de recollida da información sobre a fase de execución da formación e de liquidación (revisión da xustificación económica) tanto dos PF do procedemento TR302A como dos PF das convocatorias do procedemento TR310A, para facilitar o desenvolvemento da actividade encomendada a empresa IDEARA.
- **Outro tipo de informes encargados ao equipo técnico, entregados en prazo:**
 - Informes da situación do estado da instrución das solicitudes das diferentes convocatorias do FSE- TR310A + TR301P en fase de revisión das solicitudes.
 - Informes periódicos sobre seguimento da actividade desenvolvida pola entidade IDEARA para os PF do TR302-A
 - Informes periódicos sobre seguimento da actividade desenvolvida pola entidade IDEARA para os PF do TR310-A
 - Informes solicitados sobre xestión das Ordes levadas desde a FPGFT

GRUPOS DE TRABALLO



CONTAS ANUAIS 2019 (PEMESFL)

FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO

Por outro lado, neste pasado exercicio 2019 tiveron lugar diferente tipo de reunións de traballo, a modo de exemplo polo seu significado expóñense algunhas das máis relevantes, a participación nestas reunións tamén supuxeron a preparación de documentación adecuado ao tema a tratar e en numerosas ocasións a creación de documentos posteriores encargados aos técnicos da Fundación, algúns dos máis significativos son:

Reunións semanais do equipo técnico da Fundación xunto coa súa xerente con responsables da subdirección para tratar os temas pendentes e facer seguimento do avance e da problemática das diferentes tarefas asignadas referidas ás diferentes convocatorias dos distintos procedementos xestionados (total ou parcialmente) na Fundación.

Reunións con técnicos de ALTIA, os técnicos da Fundación tamén participaron, a petición, na totalidade de reunións de traballo nas que foron convocados ao longo do 2019 para intentar dar solucións aos diferentes tipos de incidencias xurdidas coa xestión a través da aplicación SIFO3. Dentro das tarefas específicas desenvolvidas polos técnicos da fundación destaca a aclaración das dúbidas ou suxestións xurdidas en ditas reunións de traballo e entrega de guiños ou propostas de mellora para intentar aportar solucións á diversa problemática detectada ao longo de 2019..

Reunións de traballo e formativas con IDEARA sobre o seguimento da execución da formación PF2017 do TR302-A e PF2018 do TR310-A:

Reunións celebradas entre o persoal da empresa IDEARA, as persoas responsables da Dirección Xeral e o membro do equipo técnico da Fundación asignado tanto nas instalacións da Consellería como da propia Fundación.

O obxectivo destas reunións foi expoñer á entidade IDEARA facilitar o desenvolvemento das tarefas de seguimento. Por este motivo formouse sobre o método de traballo que deberían de seguir para o cumprimento da actividade contratada pola Dirección Xeral.

DIFUSIÓN DO SISTEMA:

Neste exercicio continuouse coa actualización e posterior mantemento da **páxina web da Fundación**, como un medio de difusión actividades da Fundación aos usuarios potenciais e de información e sensibilización para achegar aos usuarios información de interese para estes, facendo fincapé na difusión do Sistema da Formación para o Emprego e nos temas relacionados co mundo laboral, informando especialmente sobre as novas de formación para os traballadores (ocupados e ou en situación de desemprego) e das cualificacións profesionais (a Fundación é un punto de información recoñecido para a información das convocatorias de recoñecemento das competencias adquiridas pola experiencia profesional).

A través da páxina web tamén se atenderon consultas remitidas ao correo de información da Fundación pero fundamentalmente trátase dun instrumento de difusión dos proxectos desenvolvidos pola Fundación para a difusión do sistema.

Descrición da actividade:

Outra das actividades de gran interese para colaborar na difusión do sistema céntrase por tanto na nosa sede electrónica (páxina web) que ao longo de 2019 tamén precisou dun crecemento continuado para dar cabida a todos os servizos e prestacións que dende a FPGFT ofrecéronse ao público. A función principal desta actividade centrouse en diferentes **tarefas**:

1. **Hardware:** Soporte técnico, mantemento e aloxamento anual da páxina web.
2. **Software:**
 - Ampliación de almacenamento de datos e na velocidade de procesamento destes.
 - Busca e actualización diaria de información específica e noticias, envío masivo de correos.
 - **Servizos ofertados pola FPGFT:**



CONTAS ANUAIS 2019 (PEMESFL)

FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO

- ✓ **“Mapa de Recursos Formativos”**. Neste 2019 mantívose a actualización do buscador de Entidades Formativas, Centros de Formación e Cursos en toda Galicia.
- ✓ **“Máis 45”**. Neste 2019 mantívose, en funcionamento, este foro de intercambio de experiencias e opinións especializado na problemática laboral e formativa para atender as particularidades do colectivo maior de 45 anos co fin de mellorar o emprego con xestión propia da FPGFT mantívose ao longo de 2018.
- ✓ **“Estudo da Metodoloxía de necesidades Formativas”**. Neste 2019 incorporouse á sede electrónica este proxecto iniciado en 2018 e rematado neste exercicio.
- ✓ **“app- formación”** Neste 2019, tal e como estaba previsto no Plan de Actuación, deseñouse esta aplicación para teléfonos móbil que permite buscar e solicitar información sobre a oferta ofrecida pola FPGFT.

Breve descrición das opcións que oferta:

- As consultas poden filtrarse por provincia, descrición, data de inicio e fin das accións formativas.
- Permite engadir as accións formativas á bolsa de favoritos e tamén permite consultar a ficha ampliada da acción formativa de interese
- Facilita o envío de consultas específicas ao centro de formación que programa a acción formativa que é de interese para o usuario.
- Permite visualizar en “google maps” a localización do enderezo do centro de formación.
- Está preparada para o envío de suxestións de formación ao persoal da FPGFT

Tal e como acabamos de referir dentro dos servizos ofertados neste 2019 este conxunto de actividades de mellora da formación profesional para o emprego incluíuse unha das actividades de gran utilidade para a difusión é o estudo de detección de necesidades, que xa figuraba no Plan de Actuación para 2018 e cuxo desenvolvemento iniciouse en 2018 (realizouse á análise previa dos criterios de eficacia, eficiencia e incidencia que permitiu determinar os factores a avaliar), rematouse o Estudo de Necesidades, o resultado deste traballo ofertou uns resultados de gran utilidade para planificar en próximas convocatorias a futura formación atendendo a necesidades reais galegas. Un dos aspectos destacados na actividade é que a empresa externa contratada é supervisada pola directora xerente da Fundación, coa presentación de informes mensuais de seguimento do traballo desenvolvido remitidas desde a empresa contratada co fin de corrixir, se fora necesario, os posibles desvíos sobre o programado. Respecto á actividade desenvolvida en 2019 destacan a recepción e análise cuantitativa e cualitativa das respostas acadadas en 2018 o seu peche xunto coas seguintes tarefas deron lugar á publicación do Estudo:

- Extracción das conclusións.
- Redacción do estudo de detección de necesidades formativas en Galicia.
- Labores de edición.
- Presentación do Estudo ao Padroado e á DIRECCIÓN XERAL DE ORIENTACIÓN E PROMOCIÓN LABORAL.
- Publicación do Estudo na sede electrónica da Fundación.

Grao de cumprimento respecto ao Plan de Actuación 2019:



CONTAS ANUAIS 2019 (PEMESFL)

FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO

O grao de cumprimento dos obxectivos e indicadores que figuraban no Plan de Actuación 2018, respecto do asesoramento técnico, tendo en conta o aumento de convocatorias susceptibles de elaboración de informes e tendo en conta tamén a participación en borradores de próximas convocatorias ou a formación impartida sobre o método de traballo aportado, pode resumirse do seguinte modo:

- Respecto a Informes e Estudos a cuantificación prevista no Plan de Actuación 2019 **mantívose a porcentaxe prevista**, elaboráronse en tempo todos os informes e propostas solicitados.
- Respecto aos Grupos de Traballo colaborouse, participando en todas as reunións convocadas.

En conxunto o grao de cumprimento das previsións no asesoramento estímase que se mantiveron as previsións do Plan de Actuación, xa que foron atendidas o 100% dos traballos encomendados.

Respecto á **difusión do sistema** de formación para as persoas traballadoras:

- A actualización e mantemento da **páxina web** tivo lugar ao longo do exercicio 2019, tal e como estaba previsto, neste exercicio a actualización de contidos foi diaria.
- A participación en **eventos externos**, é unha actividade circunstancial dentro das tarefas desempeñadas pola Fundación, neste exercicio como eventos externos, citar a participación da directora Xerente en dous encontros en Zaragoza (no mes de abril) e Sevilla (no mes de novembro), organizadas polo SEPE e baixo a temática, "Jornadas de Buenas Prácticas y Aprendizaje Mutuo en el Sistema Nacional de Empleo".

En conxunto o grao de cumprimento dos obxectivos e indicadores de realización da actividade que figuran no Plan de Actuación 2019 estímase que alcanzou o obxectivo previsto no Plan de Actuación 2019 unha porcentaxe do **13,2** da actividade desenvolvida pola Fundación.

Localización física: Oficinas da Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo (FPGFT). Edificios Administrativos San Lázaro, s/n - Consellería de Economía, Emprego e Industria 15781 Santiago de Compostela.

Data de realización: xaneiro - decembro 2019.

Recursos económicos empregados:

- Os propios das oficinas da FPGFT e a parte imputables da nómina do persoal segundo horas empregadas no desenvolvemento da actividade
- Os propios das empresas externas contratadas, para a realización da actividade.

Recursos Humanos:

- **Persoal asalariado:**
 - A totalidade do traballo referidos a elaboración de informes e estudos xunto coa participación nos grupos de traballo 2019 foi desenvolvido polo persoal técnico da Fundación, contando coa directora xerente para as tarefas de coordinación:
 - A maioría das tarefas propias do asesoramento foi desenvolvido polo persoal técnico da Fundación.
 - As tarefas de resolución de dúbidas e/ou información sobre bolsas e axudas foi desenvolvido polo persoal administrativo da Fundación.
 - As tarefas de difusión referidas á páxina web foron desenvolvidas pola Directora/Xerente da Fundación, contando coa colaboración do persoal técnico e administrativo, soamente en momentos puntuais.
 - A directora xerente da Fundación foi a responsable da supervisión, control e dirección do traballo externo, contando coa colaboración do persoal técnico e administrativo soamente en momentos puntuais.



CONTAS ANUAIS 2019 (PEMESFL)

FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO

- O persoal das empresas contratadas foron os responsables de materializar as especificacións que figuraban no seu contrato, baixo a supervisión directa da xerencia asistida polo persoal técnico e administrativo, soamente en momentos puntuais.

- Persoal voluntario: ningún.

Número previsto de beneficiarios ou usuarios da actividade:

- Beneficiarios Directos:
 - Usuarios do sistema de formación e emprego (organizacións empresariais e sindicais, consultoras, empresas en xeral, traballadores en situación de desemprego ou empregados).
 - O equipo técnico das empresas externas
 - A Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral
 - Os membros do Padroado da Fundación.
 - As entidades colaboradoras da D.X.
 - As entidades solicitantes.
 - As empresas que colaboran na xestión da formación.
 - Usuarios da FPGFT

- Beneficiarios Indirectos:
 - As entidades solicitantes.
 - Os traballadores/as (empregados ou en situación de desemprego) e as empresas do tecido laboral de Galicia.



CONTAS ANUAIS 2019 (PEMESFL)

FUNDACION PUBLICA GALEGA DA FORMACION PARA O TRABALLO

ACTIVIDADE Nº 6:

Denominación: “CALIDADE e IGUALDADE”

Descrición da actividade: “CALIDADE”.

O Sistema de Xestión da Calidade, baseado nas esixencias da Norma UNE-EN-ISO 9001: 2008, recolle os oito principios de xestión da calidade. A implantación deste Sistema iniciouse no exercicio 2010, levándose a cabo no exercicio 2011.

Con data 6 de xuño de 2011 emitíuse o certificado de AENOR do “Sistema de Xestión da Calidade” con validez ata o ano 2014.

Con data 8 de maio de 2014 renovouse o certificado de AENOR do “Sistema de Xestión da Calidade” con validez ata o ano 2017. O que supuxo a revisión de todos os procesos incluídos no noso Sistema de Xestión.

Ao longo do 2012 e ata o 2018 mantense o cumprimento de todos os requisitos da certificación que afectan ás actividades que figuran no Sistema de Xestión, así como desde o 2018 mantense o cumprimento acadar a adaptación da norma á versión 2015.

No exercicio 2019, a responsable de calidade desenvolveu as súas tarefas seguindo os criterios marcados pola empresa externa para a revisión da norma UNE-EN-ISO 9001: 2015, e para a preparación do proceso de auditoría, facendo o control e seguimento para que os procesos establecidos no sistema de calidade se cumpriran por parte de todo o persoal da Fundación.

Desde 2011, no segundo trimestre, lévanse a cabo con carácter anual as correspondentes auditorías a última tivo lugar o 17 de xuño de 2019. Ditas auditorías externas de AENOR serven para comprobar que se estaban a cumprir os requisitos que figuran no certificado, sendo positivo o resultado do mesmo.

Descrición da actividade: “IGUALDADE”.

Respecto ao plan de igualdade, unha vez detectada a necesidade de renovo, para contar cun Plan axustado á evolución das necesidades e das características da nosa Fundación producida ao longo deste tempo para incrementar a nosa eficacia, desenvolvéronse as seguintes tarefas:

- **Diagnóstico previo:** análise pormenorizada da realidade da organización encamiñada a obter información sobre as necesidades do persoal para, posteriormente, determináronse as actuacións que se debían poñer en marcha para a eliminación das necesidades detectadas.
- **Análise de datos:** Clasifícanse e fíxose análise en profundidade dos datos extraídos durante a primeira fase do proceso. Para a clasificación, os datos foron divididos en áreas e todos aqueles que foron cuantificados tratáronse co programa informático axeitado.
- **Diagnóstico cualitativo:** Fíxose a sistematización dos datos relacionados con aspectos non determinables, e analizouse a opinión e as experiencias persoais de traballadores e traballadoras e do persoal directivo.
- **Determinación de obxectivos e áreas:** Determináronse os obxectivos e as áreas de actuación en función dos datos extraídos nas primeiras fases, buscouse o establecemento de obxectivos reais e necesarios destinados á corrección dos erros detectados, derivados da xestión empresarial realizada ata o momento.
